



**RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN 2025/CP/144
(REFERENCIA AXUDA: FEADER 2024/027B)**

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 16/07/2025 publicase no TEO a convocatoria de contratación 2025/CP/144 CICA/Facultade de Ciencias dun Técnico/a de apoio á investigación para colaborar no proxecto de investigación “Bebidas refrescantes vexetais a base de lúpulo e especies aromáticas” (Acrónimo: Hop & Bot). Referencia Axuda: FEADER 2024/027B.

SEGUNDO.- Con data 04/08/2025 publicase a proposta de resolución provisional, na que figuran as persoas candidatas seleccionadas por orde decrecente de puntuación concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións ante a Comisión.

TERCEIRO.- Con data 21/08/2025 publicase a proposta de resolución definitiva xunto coa acta de puntuacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Téndose cumprido as esixencias e condicións establecidas no Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento, aprobado en Consello de Goberno de 5 de xuño de 2024, e constando motivación necesaria e suficiente na formulación da proposta de resolución definitiva pola Comisión de Selección, compre resolver a presente convocatoria e adxudicar o contrato á persoa seleccionada pola devandita Comisión.

Polo exposto,

RESOLVO adxudicar do contrato en favor de:

Cancela Sánchez, Nerea con documento de identidade ***0369**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no TEO.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Código Seguro De Verificación	KBL3lgX08Z+r1jU0VgLLqw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo		Asinado	25/08/2025 13:41:17
Observacións			Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KBL3lgX08Z%2Br1jU0VgLLqw%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

